

Unha vez convocadas as eleccións, na data 14/07/2026, a xunta directiva da FGM queda disolta e asume as súas funcións a comisión xestora en base ao artigo II do decreto regulador dos procesos electorais.

Capítulo II

Órganos electorais.

Artigo 4. Comisión xestora. Composición duración e funcións

1. Unha vez convocadas as eleccións, a xunta directiva da federación entenderase disolta, asumindo as súas funcións unha comisión xestora.

2. A composición da comisión xestora da Federación Galega de Motociclismo, que estará formada por 6 vogalías máis unha presidencia, será a seguinte:

a) 3 membros elixidos pola comisión delegada ou, en caso de non existir esta, pola asemblea xeral, debendo ter representación, por este orde, os estamentos de: entidades deportivas, deportistas, xuíces/árbitros e técnicos. Esta regra de representatividade deberá observarse tanto na designación das persoas titulares coma das suplentes.

Motoclub Papaya – Comisión Xestora – Entidades Deportivas

Clube Sobre Rodas – Comisión Xestora – Entidades Deportivas (suplente)

Yago Martínez Nogueira – Comisión Xestora – Deportistas

Luis Mosquera Alvedro – Comisión Xestora – Deportistas (suplente)

Julio Canda Louzao – Comisión Xestora – Estamento de xuíces e técnicos

Abilio Antunez Rodríguez – Comisión Xestora – Estamento de xuíces e técnicos (suplente)

b) 3 membros designados pola xunta directiva antes da súa disolución entre os que se deberán incluír as persoas que exercerán as funcións de secretaría e tesourería da federación.

José Canda Rodríguez (presidente saínte) – Presidente da Comisión Xestora

Cristina Sanroman Fernández (Vicepresidenta) – Membro da Comisión Xestora

Secundino Ponte García (Tesoureiro) – Membro da Comisión Xestora

Mario Riveiro Martínez (Secretario Xeral) – Membro da Comisión Xestora.

c) A presidencia da comisión xestora corresponderá a quen sexa elixida para tal función. Poderá exercer a presidencia a persoa titular saínte, coa limitación regulada no apartado seguinte.

3. As persoas que presenten a súa candidatura para formar parte dos órganos de goberno e representación da Federación non poderán ser membros da comisión xestora, debendo cesar en dita condición ó presentar a candidatura en cuestión.

4. A comisión xestora entenderase extinguida unha vez tomen posesión os membros dos órganos de goberno da Federación Galega de Motociclismo.

5. A comisión xestora será o órgano encargado de xestión ordinaria da Federación durante o proceso electoral. Non poderá realizar actos que induzan ou condicionen o sentido do voto dos electores, e a súa actuación atenderá aos principios de obxectividade, transparencia e igualdade.

6. Se o proceso electoral se adiase e afectase ó desenvolvemento da actividade deportiva da Federación, a comisión xestora, coa autorización da Secretaría Xeral para o Deporte, adoptará as medidas axeitadas para asegurar o normal funcionamento.

En Vigo, a 14 de xullo de 2026

Asdo. Secretario Xeral

Mario Riveiro